

Plan específico de acción comunitaria 2023

Orde do 29 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2023, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia

ASPECTOS BÁSICOS

Data de publicación e prazo de presentación de solicitudes

A orde publícase no Diario Oficial de Galicia do **martes, 17 de xaneiro de 2023** (DOG núm. 15).

O prazo de presentación de solicitudes é de **1 mes**.

Este prazo cóntase desde o día seguinte ao de publicación da orde no DOG. Polo tanto, **non estará dispoñible o procedemento na sede electrónica da Xunta de Galicia ata o mércores, día 18 de xaneiro**.

De acordo co cómputo de prazos fixado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, o prazo para presentar as solicitudes **remata** o mesmo ordinal có día da publicación, isto é, o **venres 17 de febreiro de 2023**.

Forma de presentación

As solicitudes presentaranse **obligatoriamente por medios electrónicos** a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de **identificación e sinatura** admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia:

- Certificado electrónico
- DNI electrónico
- Sistema de usuario e clave Chave365

Procedemento

O procedemento tramitouse en concorrencia non competitiva entre os anos 2016 e 2019, concedéndose as subvencións por rigorosa orde de presentación ata o esgotamento do crédito dispoñible.

O elevado número de solicitudes con relación ao carácter limitado dos recursos dispoñibles aconsellou o paso a unha tramitación en réxime de **concorrencia competitiva**, que é o procedemento ordinario de subvencións segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A tramitación en réxime de concorrencia implica a **comparación das solicitudes presentadas**, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria da subvención. Xa que logo, todas as solicitudes son **avaliadas ao mesmo tempo e baixo os mesmos criterios**, polo que todos os proxectos presentados teñen as **mesmas oportunidades**.

A concesión realízase a favor daquelas solicitudes que obteñan unha maior valoración, dentro do límite orzamentario fixado na convocatoria.

Entidades beneficiarias e requisitos

Asociacións veciñais e asociacións de mulleres rurais

- Debidamente **inscritas** no **Rexistro de asociacións** da Comunidade Autónoma de Galicia (central ou provincial)
- Conteñen na súa **denominación** a identificación como asociación de veciños, federación, confederación ou unión de asociación de veciños ou como asociación de mulleres rurais, segundo o caso.

Comunidades de usuarios de augas

- Legalmente **constituídas**
- Inscritas no libro de **registro de augas** do correspondente organismo de bacía (Augas de Galicia, Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Confederación Hidrográfica do Cantábrico) como **titulares do aproveitamento de augas para o que solicitan subvención.**

Os requisitos teñen que cumprirse na data en que remata o prazo de presentación de solicitudes, polo que a falta ou insuficiente acreditación implica a inadmisión da solicitude

Orzamento total e distribución inicial

Para o financiamento desta convocatoria de subvencións, a VSCPXD destina un importe máximo total de **TRES MILLÓNS DE EUROS (3.000.000,00 €)**

Co fin de facilitar a concesión de subvencións a favor de proxectos que inclúen equipamentos, este ano a convocatoria integra **dúas (2) liñas** coa súa respectiva dotación económica inicial e un baremo específico.

LIÑA 1 - OBRAS

Obras nos locais das entidades e nas traídas de auga comunitarias

Dotación inicial: 2.500.000 €

LIÑA 2 - EQUIPAMENTOS

Adquisición de **mobiliario e equipamentos** básicos e doutro equipamento ou mobiliario para actividades específicas (non básico)

Dotación inicial: 500.000 €

No caso de que o importe destinado a unha das liñas de subvención non se esgote, a cantidade dispoñible incrementará o orzamento destinado á outra liña.

Importes máximos das subvencións

A subvención que se conceda **pode acadar a totalidade do investimento** (obra e equipamento) cun **importe máximo** por entidade solicitante de 17.000 euros, coa seguinte distribución:

IMPORTE MÁXIMO SUBVENCIÓN
PARA OBRAS

12.000 €

IMPORTE MÁXIMO SUBVENCIÓN
PARA EQUIPAMENTOS

5.000 €

En ningún caso o importe da subvención que se conceda pode ser **superior** a estes **límites** nin tampouco pode concederse unha subvención por unha cantidade maior que o **orzamento do proxecto**.

Orzamento e importes máximos

Exemplos

1. *Proxecto cun custo superior ao importe máximo da subvención:*

PROXECTO	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN MÁXIMA	ACHEGA DA ENTIDADE BENEFICIARIA
Acondicionamento de local social	15.000,00	12.000,00	3.000,00
Adquisición de equipamento básico (mobiliario, ordenador e impresora)	6.500,00	5.000,00	1.500,00
Total	21.500,00	17.000,00	4.500,00

2. *Proxecto cun custo igual ou inferior ao importe máximo da subvención:*

PROXECTO	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN MÁXIMA	ACHEGA DA ENTIDADE BENEFICIARIA
Acondicionamento de local social	9.600,00	9.600,00	0,00
Adquisición de equipamento básico (mobiliario, ordenador e impresora)	1.200,00	1.200,00	0,00
Total	10.800,00	10.800,00	0,00

Destino das subvencións

Obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais en que a entidade veciñal ou de mulleres rurais desenvolve a súa actividade

Os inmobles deben ser de **titularidade** da entidade solicitante ou sobre os que teña un **dereito de uso** por convenio ou por calquera outro título.

Estas circunstancias se acreditan mediante **declaración responsable** da persoa representante, que se inclúe no modelo normalizado de solicitude

Adquisición de equipamentos para os locais

Equipamentos **básicos** dos locais, necesarios para o funcionamento ordinario da entidade (mobiliario, equipamentos de oficina, equipamento informático ou equipamento acústico e audiovisual)

Outro equipamento ou mobiliario para actividades **específicas**, que **non terá carácter básico** (por exemplo, adquisición de cociñas, churrasqueiras, equipamento de cafeterías, ...)

Traídas de auga comunitarias

Obras de **mellora, reforma e reparación** das **infraestruturas e instalacións** das traídas de auga comunitarias, **promovidas por comunidades de usuarios de augas**

En todo caso, deben ser **proxectos operativos**, é dicir, aqueles que **conteñen os elementos necesarios** para acadar a **finalidade** para a que foron solicitados.

Isto significa que non se subvencionan primeiras fases de proxectos que impliquen un **investimento** sen que o local poida ser **utilizado** ao rematar a obra, ou equipamentos que precisen **instalación sen que o proxecto inclúa esta**.

Exemplos de proxectos non subvencionables

- Adquisición de 50 ml de tubería de polietileno, sen incluír as obras de escavación e obra civil complementaria necesarias para a instalación e posta en funcionamento da tubería.
- Inicio dos traballos de acondicionamento do que vai ser o local social: rehabilitación da cuberta para evitar un maior deterioro da edificación, pero sen que a obra permita a súa posta en uso como local social (non hai ventás, nin porta, as paredes están sen revestimento e carece de instalacións básicas de electricidade e fontanería).
- Compra dunha estufa de biomasa, que precisa instalación, sen que o proxecto inclúa esta.
- Os gastos correntes, tales como material funxible, luz, auga, teléfono, alugueiros de locais e similares
- A adquisición de elementos decorativos ou ornamentais
- A compra de teléfonos móbiles

Documentación para solicitar a subvención

1. Modelo normalizado de solicitude (anexo I)

- Dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia
- Debe ir **asinada electronicamente** pola **persoa representante**
- Inclúe a **declaración da persoa representante** da entidade, en que fai constar que:
 - A entidade solicitante non está incurso en causas de incompatibilidade para percibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria.
 - O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas que financien o investimento que se vai subvencionar e compromiso de comunicarlle á Dirección Xeral de Administración Local as que obteñan nun futuro.
 - A entidade solicitante coñece e acepta as bases reguladoras da subvención.
 - A entidade solicitante posúe a titularidade ou ten dereito de uso por calquera título válido sobre os terreos ou inmobles nos que se vai desenvolver o proxecto subvencionado.

Documentación para solicitar a subvención

2. **Certificación** emitida e asinada electronicamente pola **persoa secretaria da entidade solicitante** no modelo do **anexo II** na que faga constar:

- O **acordo** do órgano competente da entidade solicitante, polo que se **aproba participar** nesta convocatoria de subvencións e do **nomeamento da persoa representante** para as súas relacións coa Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Neste punto é moi importante comprobar que a persoa designada como representante é a que presenta e asina a solicitude.

- O **número de membros** da entidade.

*Este dato será aplicado para a valoración do criterio **Representatividade da entidade solicitante**, ata un máximo de 15 puntos.*

Documentación para solicitar a subvención

3. Memoria valorada da obra ou equipamento para a que solicitan subvención, **asinada electronicamente** pola **persoa representante da entidade solicitante** co seguinte contido mínimo:

- Memoria descritiva das obras ou do equipamento que inclúa a explicación da **necesidade** do proxecto, os **obxectivos** que pretenden conseguir coa súa execución e a **data de construción** do inmovible ou da traída, segundo proceda.
- **Planos** e/ou **fotografías** que evidencien a situación da instalación **antes** da execución da obra
- **Orzamento detallado**, que describirá con claridade os conceptos e cantidades e o seu prezo unitario, e incluirá o imposto sobre o valor engadido (IVE) que sexa de aplicación. No caso de que o **IVE sexa deducible**, deberá indicarse expresamente.

Documentación para solicitar a subvención

- O contido desta memoria permitirá á comisión de valoración puntuar a **xustificación da necesidade do proxecto e obxectivos** que pretenden conseguir coa súa realización, ata un **máximo de 20 puntos**.
- Tamén permitirá valorar o criterio **Tipoloxía do proxecto** con base nos criterios específicos fixados no artigo 10.2 das bases reguladoras, que terán carácter acumulable ata un **máximo de 50 puntos**.
- Igualmente, os datos contidos na memoria referidos á **data de construción do inmovible ou traída** serán a base de cálculo da puntuación no criterio Interese da actuación, ata un **máximo de 8 puntos**.
- Resulta moi importante pararse a redactar a memoria, non para que sexa moi extensa, senón para que teña a información necesaria e estea escrita coa **claridade suficiente** para permitir a adecuada valoración do proxecto e sumarlle **1 punto** en aplicación do criterio Claridade expositiva da memoria de actividades.

Emenda da documentación

En calquera caso, os **defectos emendables**, entre eles a falta de documentos ou datos preceptivos, serán notificados á entidade solicitante e se lle concederá un **prazo de 10 días** para emendar os erros ou omisións. De non facelo así, se lle terá por **desistida da súa solicitude**.

Neste punto, cómpre advertir que **recibir un requirimento de emenda** significa a **perda de 1 punto** que se lles asigna a todas aquelas **solicitudes correctas e completas** e sobre as que non hai que requirir emenda nin achega de documentos complementarios. De aí a recomendación de **revisar toda a documentación antes da súa presentación** para verificar que:

- Se presentan todos os documentos.
- Cada documento contén a información e os datos esixidos polas bases reguladoras.
- Os documentos están asinados electronicamente por quen corresponde (persoa representante ou persoa secretaria)

Emenda da documentación

No trámite de presentación da solicitude, os **defectos máis frecuentes** son:

- Documentación **sen sinatura electrónica**
- **Certificado** (anexo II) asinado por persoa que **non é a persoa secretaria** da entidade
- Non coincide a **persoa designada** no anexo II como representante coa **persoa que presenta a solicitude**.
- A memoria **non describe suficientemente** as actuacións.
- Non se fai referencia ningunha á **necesidade** do proxecto e/ou os **obxectivos** que se perseguen coa súa execución

Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento **consultaranse automaticamente:**

- Certificación de estar **ao día no cumprimento de obrigas tributarias** coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Certificación de estar ao día nas obrigas fronte á **Seguridade Social**.
- Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa **Facenda da Comunidade Autónoma**.
- **NIF** da entidade solicitante.
- Inscripción da entidade no **Rexistro de asociacións** da Xunta de Galicia.
- Inscripción no **Rexistro de augas** do correspondente organismo de bacía.

No caso de que as persoas interesadas **se opoñan á consulta**, deberán **indicalo no recadro correspondente** habilitado no **formulario de solicitude** e **achegar os documentos**.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Acumulación de expedientes

Tendo en conta que o criterio *Tipoloxía do proxecto* se valora por agregación de puntuacións parciais, co fin de que **non resulten penalizadas** aquelas entidades que presentan **diferentes solicitudes** para obras e/ou para equipamentos, as bases reguladoras de 2022 prevén que se o órgano tramitador aprecia que unha **mesma entidade presentou varias solicitudes**, acordará a súa **acumulación** e proseguirá a súa **tramitación como un único expediente**.

Unha vez acumuladas nun único expediente **todas as solicitudes** presentadas por unha mesma entidade, **aplicaráselle os importes máximos de subvención** establecidos que, lembremos, son de **12.000 € para obras e 5.000 € para equipamento**.

Acumulación de expedientes

A través de dous exemplos podemos comprobar como a acumulación **ten efectos favorables sobre a puntuación** da solicitude:

*Valoración de 2 solicitudes distintas presentadas pola entidade A **sen** acumulación de expedientes:*

Solicitud	Proxecto	Puntuación tipoloxía do proxecto
Solicitud 1	Obras para supresión de barreiras arquitectónicas no acceso ao local social	15 puntos
Solicitud 2	Obras para substitución de ventás no local social	10 puntos

*Valoración das solicitudes presentadas pola entidade A **con** acumulación de expedientes:*

Solicitud	Proxecto	Puntuación tipoloxía do proxecto
Única	Obras para supresión de barreiras arquitectónicas no acceso ao local social e substitución de ventás	25 puntos

Acumulación de expedientes

Pero pode afectar negativamente no caso de que a entidade beneficiaria **non dispoña de fondos propios** para cofinanciar o proxecto subvencionado:

Orzamento de 2 actuacións distintas presentadas pola entidade A, sen acumulación de expedientes:

Solicitud	Proxecto	Orzamento
Solicitud 1	Obras para supresión de barreiras arquitectónicas no acceso ao local social	9.600,00
Solicitud 2	Obras para substitución de ventás no local social	15.000,00

Orzamento das actuacións presentadas pola entidade A con acumulación de expedientes:

Solicitud	Proxecto	Orzamento
Única	Obras para supresión de barreiras arquitectónicas no acceso ao local social e substitución de ventás	24.600,00

Polo tanto, é moi importante recoller nunha **única solicitude** todas as actuacións para as que se solicita subvención, e facer unha valoración previa **do orzamento total** para determinar se haberá que **completar con fondos propios**, en caso de que o custo estimado **supere** o importe da **subvención máxima**

Pagamento anticipado da subvención

Continuidade respecto da convocatoria de exercicios anteriores, mantendo a posibilidade da **concesión de anticipos de ata o 100% da subvención concedida**.

Faranse efectivos **despois da notificación da subvención**, por **solicitud da entidade beneficiaria**, mediante resolución motivada do órgano concedente.

Para facilitar o acceso ao cobramento anticipado, xunto coa notificación da resolución de concesión remitirase a todas as entidades beneficiarias un modelo normalizado que inclúe:

- A **aceptación da subvención**
- A **solicitud** do anticipo
- A **confirmación da conta bancaria** para recibir a subvención (neste punto, cabe lembrar que a titularidade da conta bancaria debe ser a propia entidade beneficiaria)

Este documento debe presentarse na sede electrónica, asinado dixitalmente pola persoa representante da entidade beneficiaria.

Devolución voluntaria da subvención

Nalgúns casos pode ocorrer que a entidade beneficiaria, despois de obter e cobrar a subvención, non poida executar o proxecto subvencionado e, xa que logo, non poida xustificar a aplicación dos fondos recibidos.

Tamén pode suceder que a obra ou o equipamento teñan un custo final inferior ao inicialmente orzado e, polo tanto, un custo menor que o importe xa cobrado da subvención.

Previendo estes supostos, as bases reguladoras contemplan a devolución voluntaria do importe da subvención, total ou parcial, segundo os casos.

- A devolución realizarase na **conta operativa da Xunta de Galicia** (consígnase a numeración no artigo 16 das bases reguladoras).
- **Imprescindible** enviar á Dirección Xeral de Administración Local a **copia do xustificante bancario da devolución** na que conste:
 - A data do ingreso
 - O importe
 - O numero de expediente
 - Denominación da subvención concedida: No texto da operación debe constar sempre “Devolución subvención. PR487A/2023”
 - A numeración da conta bancaria na que se realiza o ingreso

Criteria de valoración comúns

A **representatividade** medida polo número de membros da entidade solicitante
Ata 15 puntos

A **necesidade** do proxecto e os **obxectivos** que pretenden conseguir
Ata 20 puntos

Calidade da documentación presentada, puntuando adicionalmente aquelas solicitudes correctas e completas e sobre as que non hai que requirir emenda nin achega de documentos complementarios
1 punto

O **interese da actuación** medido con respecto á antigüidade do inmueble ou traída
Ata 8 puntos

A **optimización** dos recursos dispoñibles, asignando maior puntuación a aquelas entidades que **non obtiveron subvención en anos anteriores**.
Ata 5 puntos

Criteria de valoración específicos e acumulables Obras nos locais das AAVV e AMR – Tipoloxía do proxecto

Obras de mellora da
**accesibilidade e supresión
de barreiras arquitectónicas**
20 puntos

Obras sobre **fachadas**, instalación
ou cambio de **ventás**,
paramentos interiores,
pavimentos ou teitos
10 puntos

Obras de mellora e reparación da
estrutura e da **cuberta** do edificio
15 puntos

Obras en instalacións de
fontanería, saneamento,
electricidade ou calefacción:
10 puntos

Criterios de valoración específicos e acumulables CCUU – Tipoloxía do proxecto

Actuacións sobre a captación, as canalizacións ou os depósitos, destinadas a **reducir as perdas de auga**

20 puntos

Implantación e mellora de **tecnoloxías e instalacións eléctricas** que permitan optimizar a eficiencia e o **aforro enerxético** na traída de augas

10 puntos

Actuacións destinadas a mellorar a **xestión**, a **medición** ou o **control de calidade** da auga

15 puntos

Actuacións sobre os **elementos complementarios** asociados á infraestrutura da traída (valados e casetos para depósitos, equipamentos, etc.)

5 puntos

Criterios de valoración específicos e acumulables Equipamentos – Tipoloxía do proxecto

Equipamentos dos locais,
necesarios para o funcionamento
ordinario da entidade integrado
por **mobiliario básico e
equipamentos de oficina**
20 puntos


Adquisición de **equipamento
acústico ou audiovisual**
10 puntos

Adquisición de **equipamento
informático**
15 puntos

Equipamento ou mobiliario para
actividades específicas, que non
teña carácter básico
5 puntos

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A documentación xustificativa está integrada por



As entidades beneficiarias teñen de **prazo** para **executar** o proxecto subvencionado e **presentar** a documentación xustificativa ata o **15 de outubro de 2023**

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Memoria explicativa do investimento

Debe **describir** as obras realizadas e os equipamentos adquiridos

Referirá a obtención dos **obxectivos** ou dos **resultados** pretendidos

Estará **asinada** electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria

Incluirá unha **reportaxe fotográfica** das obras realizadas e dos equipamentos adquiridos

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Conta xustificativa

Presentarase no modelo
do **anexo III**

Incluirá **todos os gastos** realizados
para a execución do proxecto
subvencionado

Estará asinada
electronicamente pola
persoa representante da
entidade beneficiaria

As **facturas** estarán **identificadas**
co nome do proveedor, o NIF, o
número da factura, o concepto e o
importe

Os gastos xustificandos deben corresponderse cos conceptos e importes recollidos no orzamento inicial

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Xustificación de gastos

As **facturas** deberán presentarse **detalladas e identificadas** e incluírán, como mínimo:

- **Número** e, de ser o caso, serie
- **Data** de emisión e data de operación (se é distinta á de emisión)
- **NIF** e nome e apelidos, razón o denominación social do **emisor** e da **entidade beneficiaria** da subvención.
- **Identificación** dos **bens** entregados ou **obras** realizadas, con detalle de **unidades e prezos unitarios** (de ser o caso)
- **Tipo impositivo**, e opcionalmente a expresión “IVE incluído”
- **Importe total**

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Xustificación de pagamentos

O documento bancario acreditativo do pagamento das facturas mediante **transferencia bancaria**, debe estar **correctamente identificado** (conta orixe, conta destino, ordenante, destinatario e importe)

A transferencia debe facerse desde a **conta da entidade beneficiaria** e terá como **destinatario** ao **emisor da factura**, polo **importe desta**

Non se aceptarán pagamentos **en efectivo**, mediante **cheque bancario** nin a través de **tarxeta de crédito** ou **débito**

Non se aceptarán como gastos subvencionables aqueles en que non se poida comprobar a **relación** entre as **facturas** presentadas e os **pagamentos** realizados